

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de maio de 2024**

Ás 18.37 horas do día 23 de maio de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 17 DE ABRIL DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de abril de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 17 de abril de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A POSTA EN MARCHA DUN
SERVIZO PROVINCIAL DE PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ATENCIÓN
DAS ADICCIÓN.-**

Dª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Dª María Mangana Guede, do BNG, manifesta a reserva de voto do seu grupo.

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, manifesta, en termos similares, a reserva de voto do seu grupo.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a desenvolver as competencias que a lexislación lle atribúe para a posta en marcha dun servizo provincial de prevención, sensibilización e atención das adiccións que atenda aos concellos de menos de 20.000 habitantes en materia de información, orientación e asesoramento, diagnóstico e tratamento.

SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a estudar a mollar maneira de prestar este servizo, xa sexa a través dun sistema fixo ou itinerante, ora a través dunha prestación directa, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, ou a través de entidades do Terceiro Sector que dispensen a asistencia necesaria aos concellos que se adhiran ao programa.

**3º.- MOCIÓN DO BNG PARA A MELLORA DA SITUACIÓN DO MERCADO
LABORAL NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

Dª María Mangana Guede, do BNG, expón a moción do seu grupo aproveitando para agradecer o informe facilitado polo Gabinete Técnico da CIG e que foi de gran utilidade para redactar esta moción.

Os portavoces do Grupo Popular e do Grupo Socialista manifestan a súa reserva de voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do BNG (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. A Depuración Provincial de Ourense promoverá a creación dun FORO SOCIOECONÓMICO OURENSÁN, coa participación de sectores empresariais (CEO, AJE, asoc. de autónomas e autónomos), sindicatos de operarios e agricultores, administracións (Estado, Xunta e Deputación de Ourense), Universidade, para elaborar un documento de propostas para a mellora da situación do mercado laboral da provincia de Ourense. Os traballos e conclusións deste FORO de traballo deberá achegar as súas conclusións no prazo máximo de 6 meses desde a súa constitución.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 18.44 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.